



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



CAMPIONATO AUTONÓMICO EMBARCACIÓN FONDEADA

07 – xullo – 2019

A Coruña

Esta competición desenvolverase conforme ó regulamento da F.G. P. e conforme ás normas vixentes en materia de pesca que rexen na Comunidade Autónoma de Galicia para esta modalidade.

Características Técnicas do Escenario

Haberá dous posibles escenarios. Segundo o vento e o mar que atopemos na mañá da competición o Comité decidirá en cal se pesca.

PROGRAMA :
7,45 Horas: Concentración de pescadores no Club O PUNTAL
8,00 Horas: Sorteio de embarcacións
8,30 Horas: Saída cara o escenario da competición
9,00 Horas: Comezo da 1ª manga
12,00 Horas: Fin da 1ª manga
12,30 Horas: Pexase
13,00 Horas: Entrega da bolsa de avituallamento e saída cara o escenario da Competición.
14,00 Horas: Comezo da 2ª manga
17,00 Horas: Fin da 2ª manga
17,30 Horas: Pexase entrega de trofeos e fin campionato

(Estes horarios poderán ser modificados por circunstancias climatolóxicas)

BASES



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



XURADO: A súa composición nominal darase a coñecer, despois de feito o sorteo.

MANGAS: A Competición desenvolverase en dúas mangas de 3 horas de duración cada unha. As mangas poderán acurtarse ou suspenderse por motivos de seguridade.

SORTEO: A distribución dos deportistas nas distintas embarcacións resolverase por sorteo dirixido.

CONTROIS: A función de controis farana os patróns, que vixiarán o cumprimento das normas da competición e informarán ao Xuíz do seu incumprimento.

CAPTURAS: As pezas presentadas á pexase, inferiores en 1 cm. á medida mínima legal establecida pola Consellería de Pesca, serán penalizadas descontando o seu peso do total obtido.

Non serán admitidas como válidas as seguintes especies: muxo, congro e xarda.

CEBO: Será igual para tódolos participantes, e constará de 6 caixas de coreano e 200 grs. de lagostino por manga. O prezo total do cebo para as dúas mangas é de 30 euros, os cales se pagarán no momento de facelo sorteo.

REGULAMENTO: Para as ausencias aplicarse o Regulamento disciplinario da FGP. En canto ao resto das normas, serán de aplicación as reflectidas no regulamento de competición da FEPYC.

PARTICIPANTES: En Asemblea Xeral da FGPeC acordouse que os participantes en competicións de Embarcación Fondeada pagarían unha inscrición de 20 € por deportista. Eses cartos terán que serlles entregados aos patróns antes do embarque.

As inscricións cómpre facelas ao correo delegadocoruna@fgpesca.org e a data lince para facelo é o 2 de xullo de 2019.

Os seis primeiros clasificados obterán paraza para o vindeiro selectivo da especialidade.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

Por acordo da asemblea xeral, recordase a obriga de portar chaleco salvavidas durante toda a competición.

D. RAMÓN SOUTO PÉREZ
Presidente do Comité de Embarcación Fondeada